

Sector agrario, pesca e acuicultura

29/07/2024

ÍNDICE

Principais datos económicos da rama agraria e pesqueira	1
Sector agrario	2
Sector pesca e acuicultura	4
Definicións e máis información	6
Definicións	6
Descarga de datos	6

Principais datos económicos da rama agraria e pesqueira

Principais datos económicos da rama agraria e pesqueira. Galicia. Ano 2023

Valor engadido bruto (miles de euros)	3.405.772
Crecemento do valor engadido bruto (%)	7,6
VEB da rama agraria e pesqueira/PIB (%)	4,5

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.
Revisión Estatística 2019. IGE-INE.
Enquisa de poboación activa

Poboación ocupada no sector agrario, pesca e acuicultura. Ano 2023

Unidade: Miles de persoas

	Total	Homes	Mulleres
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	54,6	35,2	19,4
Pesca e acuicultura	19,5	15,3	4,1

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

En 2023 o valor engadido bruto (VEB) da rama agraria e pesqueira situouse nos 3.406 millóns de euros (a prezos correntes), o que supuxo o 4,5 % do PIB de Galicia nese ano. Con respecto ao acontecido no ano anterior, o VEB da agricultura e da pesca aumentou un 7,6 % (medido en prezos correntes). A ocupación na agricultura sitúase nas 54.600 persoas en 2023 e na pesca nos 19.500 traballadores e traballadoras.


Sector agrario

Efectivos de gando. Ano 2023


	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Bovino	940.977	323.327	455.164	67.063	95.423
Menos de 12 meses	269.591	82.365	128.728	32.379	26.119
Destinado a sacrificio	226.488	65.910	107.738	30.594	22.246
Ourtros (machos e femias)	43.103	16.455	20.990	1.785	3.873
De 12 a 24 meses	117.647	45.636	54.887	4.265	12.859
Machos	4.177	1.257	1.914	489	517
Femias (sacrificio, reposición)	113.470	44.379	52.973	3.776	12.342
Animais de máis de 2 anos	553.739	195.326	271.549	30.419	56.445
Porcino	1.627.359	380.460	333.825	465.840	447.234
Leitóns	529.018	149.601	92.903	197.973	88.541
Porcos de 20 a 49 kg	182.284	40.284	48.084	46.900	47.016
Porcos de cebo (Total, de 50 a 79 Kg, de 80 a 109 Kg, máis de 109 Kg)	794.886	146.133	177.652	179.553	291.548
Resto (verróns e porcas reprodutoras)	121.171	44.442	15.186	41.414	20.129
Ovino	149.779	23.834	46.001	55.826	24.118
Cordeiros	31.018	5.426	9.212	11.271	5.109
Sementais	7.533	1.539	2.546	2.186	1.262
Femias para vida	111.228	16.869	34.243	42.369	17.747

Encuestas ganaderas. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación


Evolución dos efectivos de gando bovino e porcino. Galicia Número de animais



Distribución xeral das terras. Galicia. Ano 2023



Superficie adicada a cultivos, prados e pasteiros por comarca. Galicia: Hectáreas.



No ano 2020 existían en Galicia 74.757 explotacións agrarias con SAU. A SAU destas explotacións era de 597.993 hectáreas. As comarcas con maior número de explotacións con SAU son as da Terra Chá (4.774 explotacións) e Lugo (3.500 explotacións). Pola contra, neste ano as comarcas con menor número de explotacións son Muros (92 explotacións) e O Sar (385 explotacións)

Sector pesca e acuicultura


Venda nas lonxas. Datos xerais de pesca fresca. Galicia. Ano 2023

	Cantidad (toneladas)	Importe (miles de euros)	Variación anual (%) Cantidad	Variación anual (%) Importe
Total	125.793	412.384	-6,3	-5,7
Algas	399	303	-42,3	-44,2
Bivalvos	5.106	62.625	-32,4	-11,7
Cefalópodos	6.549	33.855	-56,5	-26,6
Crustáceos	1.129	21.074	-22,8	-10,0
Equinodermos	720	7.880	-1,2	2,1
Gasterópodos	0	9	-100,0	-60,9
Peixes	111.669	285.238	2,8	-0,8
Poliquetos	4	297	-20,0	-5,1
Resto de descargas	218	1.101	17,8	18,1


Fonte: Consellería do Mar. Anuario de pesca

No ano 2023 vendéronse nas lonxas galegas 125.793 toneladas de produtos procedentes da pesca fresca, que xeraron un valor de 412 millóns de euros. Con respecto ao ano anterior, diminuíu o volume das vendas en toneladas (un 6,3 %) e diminuíu o importe das vendas nun 5,7 %. A comercialización de peixes, o principal produto comercializado nas lonxas galegas, aumentou en torno a un 2,8 % en volume e diminuíu un 0,8 % en importe. As lonxas de Ribeira e A Coruña (Lonja Coruña, S.A.) son os principais puntos de venda de peixe fresco de Galicia se atendemos á cantidade comercializada (representan o 22,9 % e o 19,4 % do total). Por outra banda, se nos fixamos no importe das vendas, a lonxa de Vigo sitúase á cabeza, co 21,4 % do total, seguida da lonxa de A Coruña (Lonja Coruña, S.A.), cun 15,1 % do total.

**Distribución porcentual das vendas por lonxa segundo a cantidade.
Galicia. Ano 2023**



**Distribución porcentual das vendas por lonxa segundo o importe
das vendas. Galicia. Ano 2023**



Principais especies vendidas nas lonxas galegas por cantidade. Ano 2023

	Toneladas
Lirio	25.262
Pescada	22.367
Sardiña	18.739
Xurelo	10.303
Peixe sapo	4.882
Xarda	4.506
Xuliana	2.884
Bonito do norte	2.225
Ameixa xaponesa	2.027
Polbo	1.919

Fonte: Consellería do Mar. Anuario de pesca

Principais especies vendidas nas lonxas galegas por importe das vendas. Ano 2023

	Miles de euros
Pescada	102.568
Ameixa xaponesa	27.165
Peixe sapo	26.583
Polbo	17.916
Sardiña	17.594
Xuliana	17.383
Lirio	14.785
Xurelo	12.696
Percebe	8.712
Bonito do norte	8.339

Fonte: Consellería do Mar. Anuario de pesca

Definicións e máis información

Definicións

Descarga de datos

- Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2019
- Ocupados por grupo de idade, sexo e sector económico
- Explotacións agrarias segundo a superficie agrícola utilizada
- Efectivos de gando
- Distribución xeral de terras
- Pesca desembarcada en Galicia segundo a especie
- Pesca desembarcada en Galicia segundo a lonxa